



R desprega fibra de última xeración en tres polígonos de Mos onde se poderá navegar a velocidades de ata 1 Xigabit

- *O operador galego realizou nos últimos meses un cambio de tecnoloxía na súa rede das áreas industriais de Rebullón, Avenida de Peinador e Veigañada, grazas á cal 130 empresas contarán con conexións máis rápidas, seguras e estables*
- *Con esta iniciativa, R dálles resposta ás crecentes necesidades do tecido empresarial da zona en colaboración coa Asociación de Empresarios de Mos (AEMOS), coa que mantén un contacto permanente para a mellora das infraestruturas tecnolóxicas dos seus asociados*
- *Para explicar en detalle os traballos realizados e os beneficios que achega a nova tecnoloxía FTTH, R e AEMOS organizaron esta mañá unha xornada formativa cos socios da entidade*

Xoves, 4 de marzo de 2021.- Preto de 130 empresas dos polígonos de **Rebullón, Avenida de Peinador e Veigadaña**, no Concello de Mos, poderán beneficiarse do despregamento dunha nova tecnoloxía de fibra óptica implantada nos últimos meses por **R**. Este avance permite unha navegación máis rápida, de ata un Xigabit por segundo, á vez que garante unha maior estabilidade, homoxeneidade e seguridade de rede.

Con este cambio, **R** segue demostrando o seu esforzo incondicional por estar a carón das empresas da comunidade galega para darlles reposta ás súas demandas, sobre todo nun momento tan crucial no que o uso das redes e as esixencias por manterse operativos, en moitas ocasións a distancia -a través do teletraballo-, tense incrementado de xeito significativo.

Colaboración permanente con AEMOS

No caso concreto destas áreas mosenses, **R** revalida o seu compromiso coa Asociación de Empresarios de Mos (AEMOS), entidade coa que mantén dende hai anos unha colaboración estable para implantar e mellorar progresivamente diferentes servizos tecnolóxicos, adaptados á evolución das necesidades de emprendedores e empresas da zona.

“Grazas a este esforzo conxunto ten sido posible unha actualización de rede tan importante como a que se realizou nestas áreas”, explicou o director corporativo de Empresas de **R**, Isidro Fernández de la Calle, quen agradeceu a colaboración de AEMOS neste desenvolvemento e a comprensión polos inconvenientes durante o período de obras. Agora, dixo, *“é o momento de aproveitar e obter os máximos rendementos destas novas prestacións que, seguro, daranlles a mellor resposta ás necesidades dos negocios”*.

Para facerlles chegar ás empresas as vantaxes e posibilidades desta nova tecnoloxía, esta mañá desenvolveuse unha sesión formativa (*webinar*) organizada por **R** e AEMOS onde se detallaron as diferentes oportunidades que lles brinda este cambio tecnolóxico ao labor diario das empresas e aos seus usuarios.

Neste marco, o xerente de **AEMOS**, Francisco Domínguez, destacou a importancia da tecnoloxía no proceso empresarial onde *“a dixitalización e a innovación viñeron para quedarse e xa non son unha opción, senón elementos que están transformando a nosa vida cotiá, as nosas empresas, a industria, os procesos de produción e os nosos produtos”*.

Co *“obxectivo último de fomentar o desenvolvemento dun tecido empresarial máis competitivo, máis moderno e dinámico”*, esta alianza revélase fundamental para avanzar no impulso económico de Mos e da súa bisbarra, incidiu o presidente de AEMOS, Manuel Castro, quen cualificou as infraestruturas de telecomunicacións como *“factor esencial no desenvolvemento económico e social”*, cuxas prestacións e capacidades acaban definindo a competitividade dun territorio.

Compromiso con Mos

Esta actividade forma parte dun intenso traballo desenvolvido por **R** para mellorar a cobertura dos seus servizos en Galicia, obxectivo prioritario da compañía ao que se lle ten dado un importante pulo nestes tempos de pandemia, en resposta á inxente demanda de servizos de comunicacións da sociedade galega.

O despregamento nestas áreas empresariais reforza o compromiso do operador galego co Concello e coa veciñanza de Mos, onde **R** despregará a súa rede para dotar de conexións ultrarrápidas a **32 núcleos de 9 parroquias**. Unha actuación enmarcada no ***PEBA-Plan Avanza***, coa que **2.200 hogares e empresas** destes núcleos das parroquias de Cela, Dornelas Guizán, Mos, Pereiras, Petelos, Sanguñeda, Tameiga e Torroso disporán de accesos ultrarrápidos a internet e, grazas ás redes de nova xeración de **R**, poderán desfrutar tamén doutros servizos avanzados de telecomunicacións.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal